

IX MARCHA BTT CONCELLO DE RIANXO

DATOS XERAIS

- **Denominación:** IX Marcha BTT Concello de Rianxo
- **Organizador:** Peña Cicloturista Castro Barbudo
- **Colabora:** Concello de Rianxo
- **Data:** Domingo, 13 de febreiro de 2022
- **Hora:** 9 a 15 h.
- **Localidade Saída:** Rianxo
- **Localidade Chegada:** Rianxo
- **Modalidade:** Evento deportivo non federado
- **Categoría:** Maiores 18 anos (14 a 17 anos con autorización)

PROGRAMA E RUTAS BTT

A **IX Marcha de Bicicleta de Montaña (BTT) “ Concello de Rianxo”** consiste nun evento deportivo non competitivo en bicicleta de montaña dividida, en función da dificultade en tres rutas (Curta – 32 km.), (Media - 50 km.) e (Longa - 72 km.) Todas as rutas comezan na zona portuaria de Rianxo.

O programa xeral é o que se detalla a continuación, se ben en cada unha das rutas se detallará horarios de paso e promedios:

- 8:00 h. Recollida de dorsais
- 9:00 h. Saída das marchas do Porto de Rianxo
- 11:00 h. 1º Corte – Ruta CURTA 32 km.
- 11:45 h. 2º Corte – Ruta MEDIA 50 km.
- **15:00 h. Hora estimada da chegada.**

REGULAMENTO DA PROBA

- 1 A Peña Cicloturista Castro Barbudo, en adiante Peña, coa colaboración do Concello de Rianxo, en adiante Concello, organiza a **IX Marcha BTT Concello de Rianxo** e simultaneamente a **V Andaina da Marcha BTT**, que se celebrarán o día **domingo, 13 de febreiro de 2021** con saída e chegada no recheo do porto de Rianxo. A saída darase ás 09:00 h. A hora de remate de cada proba virá marcada polo percorrido elixido.
- 2 Nesta edición, como medida de protección fronte á COVID19 non se fará entrega de trofeos e/ou agasallos.

- 3 O uso de máscara e demais medidas de protección fronte á COVID serán as vixentes no momento de celebración da proba e publicaranse o PROTOCOLO COVID coa debida antelación na páxina de inscrición e información do evento.
- 4 A actividade encádrase como proba de Cicloturismo-BTT/Andaina, que implica un exercicio físico con fins de ocio, turístico ou cultural, polo que se exclúe expresamente a competición. As persoas participantes, coa súa inscrición, manifestan encontrarse fisicamente aptas para a actividade.
- 5 Todas as persoas inscritas serán consideradas como participantes en excursión persoal, polo que deben aterse ás normas do vixente código de circulación, e deberán responsabilizarse persoalmente das infraccións que cometan. Cabe resaltar que a circulación de vehículos e persoas non estará cortada, polo que as participantes deben extremar a precaución en cruces coas estradas e zonas habitadas.
- 6 A idade mínima para poder participar na BTT e na Andaina será de 18 anos. Aquelas que teñan entre 14 anos e 17 anos cumpridos, poderán participar cunha autorización asinada polo pai, nai ou titor/a, xunto cunha copia do DNI da persoa que a autoriza.
- 7 A organización non se fai responsable dos gastos ou débedas que puidesen contraer as persoas participantes durante o percorrido.
- 8 Será imprescindible o uso do casco para participar na marcha.
- 9 Non está permitido levar animais de compañía no transcurso da actividade.
- 10 Só será considerada participante da **IX Marcha BTT Concello de Rianxo** e da **V Andaina da Marcha BTT**, a persoa que cubra total e correctamente a inscrición a través da páxina emesports.es
- 11 O prezo da inscrición será de 10 € ata o 29 de xaneiro e a partir desa data será de 15 € para todas as persoas participantes. O pagamento deberá facerse no momento da inscrición.
- 12 O número máximo de participantes será de 500 na proba ciclista e 150 na andaina.
- 13 As inscricións consideraranse definitivas, polo que unha vez rematado o prazo de inscrición e no caso de non poder participar, non se realizará a devolución do seu importe.
- 14 As inscricións pecharanse o mércores día 9 de febreiro de 2022 ás 22:00 h. ou cando a organización o estime oportuno en función do número máximo de inscritos.
- 15 As comunicacións da organización faranse polos seguintes medios:
 - 15.1 Páxina web do evento en emesports.es
 - 15.2 Páxina web do Concello de Rianxo.
 - 15.3 Perfil de FB de Castro Barbudo

- 15.4 Perfil de FB da Concellería de Deportes – Servizo de Deportes do Concello de Rianxo.
- 16 Estableceranse puntos de control que estarán debidamente sinalizados onde se deberá pasar antes dunha hora prefixada. No caso de superar os horarios, a organización sinalará os camiños alternativos máis curtos que o principal.
- 17 A organización resérvase o dereito a modificar horarios e/ou percorridos, así como a aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade ou de prevención fronte a COVID19 No caso de que para o día da celebración da proba se decrete unha alerta laranxa, a proba será suspendida automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la e non se devolverán os cartos da inscrición.
- 18 A organización disporá dos servizos de asistencia sanitaria, ambulancia, Protección Civil e da Policía Local de Rianxo durante o transcurso da marcha.
- 19 Disporase dun ou varios avituallamentos en función do percorrido escollido.
- 20 Duchas. O servizo de duchas dependerá da normativa e do protocolo COVID da proba.
- 21 Ao rematar a proba, haberá servizo de lavado de bicicletas a disposición das persoas participantes.
- 22 A Peña garante o pleno cumprimento da Lei orgánica de protección de datos (LOPD). A persoa inscrita queda informada e presta o seu consentimento para a incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes na Peña e ao seu tratamento para utilizalos en relación con xestións administrativas ou comerciais. A persoa inscrita pode exercer o seu dereito, mediante escrito dirixido á Peña, ao acceso, rectificación ou á cancelación destes datos.
- 23 A actividade conta cun seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes colectivos coas coberturas reguladas polo RD 849/1993, polo que se determinan as prestacións mínimas do seguro obrigatorio deportivo.
- 24 A inscrición leva consigo a aceptación deste regulamento e implica obrigatoriamente que a persoa participante lle autoriza á organización da proba a gravación total ou parcial da súa participación nesta e presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe para a promoción e difusión da proba de todos os xeitos posibles (radio, prensa, vídeo, foto, dvd, Internet e redes sociais...). Para iso cederá todos os dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar, sen dereito a recibir compensación algunha.
- 25 A inscrición, ademais do indicado no punto anterior, supón aceptar as normas da organización e renunciar a todos os dereitos contra a organización, patrocinadores e colaboradores dos danos que poida sufrir no seu transcurso.